

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS NO MERCADO DE ARTES ESCÉNICAS GALICIA ESCENA PRO 2023**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **o día de sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2023**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre as partes para realización de actividades relacionadas coa programación de espectáculos na décima edición do mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO 2023, que se celebra en Santiago de Compostela do 29 de maio ao 1 de xuño, a través da selección de espectáculos, da produción e posta en escena dos espectáculos programados nos diferentes espazos de exhibición, do establecemento de canles de comunicación entre as compañías e os axentes culturais de cara a estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega, e da programación de xornadas de encontro sectorial con fin de visibilizar e debater sobre realidades de proxectos relacionados coas artes escénicas.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic promove e organiza o mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO (GEP), que celebra en 2023 a súa décima edición, co obxectivo de ser, ademais de canle exhibición de producións escénicas de recente creación, punto de encontro profesional que busca estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega.

En 2019 a Agadic abriu unha nova etapa no desenvolvemento deste proxecto marcada pola implicación de entidades con obxectivos afíns de cara a reforzar as finalidades coas que naceu este evento. Neste sentido, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas-Escena Galega é a entidade que aglutina o maior peso específico dentro do sector, representando na actualidade a 57 compañías e empresas produtoras nos ámbitos do teatro, os monicreques, o novo circo e a danza e artes do movemento, que a postulan como o referente do sector profesional das artes escénicas galegas.

A Asociación, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación das artes escénicas, e que se concretan nas actividades que leva a cabo para a promoción e visibilización do tecido profesional da escena galega coa asistencia á feiras escénicas e encontros sectoriais de carácter estratéxico así como coa formación, mellora profesional e asistencia ás empresas asociadas e desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

Todo este esforzo no fomento dun sector como o escénico que realiza a Asociación coa organización destas actividades, ao que hai que sumar o seu papel de interlocutora de referencia das institucións



públicas e do sector empresarial da escena galega, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria teatral que a Agadic está a levar a cabo, de aí que considere fundamental a colaboración mutua nestas iniciativas, coa que se garante a calidade, profesionalidade e o éxito do programa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta  
Director da Agadic

